

Eduardo Pondal



Nado en 1835 en Ponteceso, nunha familia fidalga que gozaba dunha boa situación económica, asistiu a clases de latín na reitoral de Vilela de Nemiña. Logo trasladouse a Santiago, onde estudou Bacharelato e asistiu ó Liceo de la Juventud con Rosalía, Aurelio Aguirre... En 1856 pronunciou un brinde poético no famoso Banquete de Conxo, acto de carácter político no que confraternizaron artesáns e estudantes. Os matices revolucionarios do seu brinde puidéronlle custar o desterro.

Tras rematar a carreira de Medicina en 1860, exerceu de médico durante tres anos. Despois abandonou a profesión para dedicarse enteiraamente á súa grande afección: a poesía.

A partir daquela residiu entre Ponteceso e A Coruña, cidade na que asistía ao faladoiro da Cova Céltica, formada por varios intelectuais galeguistas da época (Murguía, Carré...) que crían na orixe celta do pobo galego. Finou na Coruña en 1917.

1. Producción Literaria

Pondal deixou pouca obra publicada se se ten en conta o moito tempo que dedicou á poesía. Isto explícase principalmente polo seu afán perfeccionista que o levaba a retocar unha e outra vez os seus poemas. Salvo algún poema publicado illadamente, a súa obra é a seguinte:

Obra	Ano	Comentario
«A campana de Anllóns»	1862	— Poema solto publicado na recompilación <i>Álbum de la Caridad</i> de Francisco María de la Iglesia.
<i>Rumores de los Pinos</i>	1877	— Breve poemario con pezas en galego e en castelán.
<i>Queixumes dos pinos</i>	1886	— Obra baseada en <i>Rumores de los pinos</i> . Componse de case un centenar de poemas en galego e supón unha superación do poemario anterior. — Estrutúrase de forma pechada, coma <i>Cantares Gallegos</i> de Rosalía: no primeiro poema aparece un «boo bergantiñán» que vai oíndo os rumores dos piñeiros; no derradeiro, o bergantiñán comprende a mensaxe dos piñeiros.
<i>Os Eoas</i>		— Obra sen terminar polas constantes revisións ás que a sometía. Os manuscritos atópanse na Real Academia Galega, e en 1992 foi publicada unha edición crítica dos mesmos. — É un extenso poema épico destinado a glosar o descubrimento de América, a imitación do canto dos navegantes portugueses que Camões fixo no século XVI en <i>Os Lusíadas</i> .

2. Liñas temáticas

Pondal configurou un mundo poético propio. A súa poesía, sobre todo *Queixumes dos pinos*, presenta varios elementos que axudan a definir dúas grandes liñas temáticas: a *cívico-patriótica* e a puramente *lírica*.

a) Liña cívico-patriótica. Pondal busca o **enxalzamento de Galicia**.

Así, desde un presente de asoballamento e marxinación, recrea un pasado glorioso, ateigado de heroes a desenvolver fazañas magníficas, e vaticina un porvir esplendoroso para a nosa terra. Esta temática maniféstase a través de tres núcleos fundamentais: o *celtismo*, o *bardismo* e o *helenismo*.

— **Celtismo**. No século XVIII estendérase por Europa a idea de que a grandeza dun pobo se baseaba nun destes tres aspectos:

- número de pobos sometidos.
- valor dos seus súbditos.
- A antigüidade da súa orixe.



No contexto de marxinación e humillación que sufría Galicia no século XIX, os intelectuais galegos (entre eles Pondal, Murguía...) defenderon a idea de que as raíces étnicas de Galicia eran celtas. Deste xeito, Pondal apóiase nunha antiga orixe celta para desenvolver o proceso de afirmación nacional.

Salvaxe val de Brantoa,
en terra de Bergantiños;
ouh val, amado dos celtas
e dos fungadores pinos:
cando Gundar probe e escuro
sea deste mundo ido,
no teu seo silencioso
concédelle, val amigo,
sepulcro a modo dos celtas,
tan só de ti conocido. [...]

— **Bardismo**. Ó ler os poemas do escocés James Macpherson, Pondal ten noticia dun mundo celta poboado de guerreiros e bardos, poetas cantores estes últimos das proezas dos primeiros. Influenciado polo celtismo e os poemas de Macpherson, Pondal pasa a considerarse o bardo de Galicia, idea que compartían os demais intelectuais da Cova Céltica. O poeta escocés **Macpherson**, do século XVIII, simulou ser tradutor dun poeta celta do século III chamado Ossián. Estas traducións nunca foron tales, xa que os poemas eran orixinais seus. Si existía, porén, unha rica tradición de lendas épicas celtas. De feito, unha vella lenda irlandesa conta que os poboadores de Irlanda, procedían de Brigandsia, a terra de Breogán, situada na actual Galicia.



Pondal coñeceu a través de Murguía a obra de Macpherson, e tomou por verdadeiros os poemas ossiánicos.

Como bardo, desempeña na súa obra dúas *funcións*:

- Lembrarlle á xente as fazañas do pasado, igual cós bardos celtas.
- Mostrarlle o camiño ao pobo galego para que supere a situación presente de prostración e se dirixa cara a un futuro glorioso.


Boandanza, saúde,
raza de Breogán,
teus groriosos destinos
certo, é doce agoirar [...]
ouh!, cantas cousas nobres
vexo, que comprirá [...].

- **Helenismo.** Mediante a lectura de clásicos gregos como Homero, Platón, Aristóteles..., Pondal achegouse ao mundo helénico. Amosou predilección pola Grecia arcaica, especialmente por Esparta. Deste xeito, para caracterizar os guerreiros dos seus poemas, tomou dos espartanos trazos como: a masculinidade forte e rexa, o heroísmo, o sacrificio polo país...



b) Liña lírica. Aínda que non sempre se pode desvincular da liña cívica, existen certos temas que en xeral carecen de contido ideolóxico-político. As constantes básicas xiran arredor da *paisaxe* e da *muller*.

→ A paisaxe. Pondal localizou as súas composicións na súa terra natal, **Bergantiños**. Así, os seus poemas aparecen ateigados de topónimos da bisbarra bergantiñá: Laxe, Ponteceso, Corcoesto... Amosa especial preferencia pola paisaxe rural (a terra de labor, as leiras de trigo), e sobre todo a que está sen habitar polo home (a gándara con uces e toxos, as beiras do mar, o bosque con carballos e piñeiros —*pinos* nos seus poemas—).



Cando os duros machados
feren os altos pinos
e caen con estrondo
no chan de Bergantiños,
non caen, non en vano
cal xigantes erguidos,
sin gloria e sin renome,
nos seus eidos bravíos:
mais ao caer, ceibando,
os ulidores pinos
se espallan na devesa
polo mato nativo
e da semente se erguen
descendentes altivos. [...]

A paisaxe agreste da gándara, do bosque... está poboada de aves salvaxes e vagabundas (o corvo, a andoriña, a píllara...). Os elementos da paisaxe teñen moita importancia na poesía de Pondal, pois posúen **significado simbólico**, por veces, polisémico:

<i>Elementos da paisaxe</i>	<i>Significado simbólico</i>
As uces	- Receptoras e confidentes do poeta. - Voz falante. - Escenario no que o bardo soña; lugar de enterramento ou de encontros amorosos.
Os piñeiros	- Teñen unha misión bárdica: cos seus rumores inducen á raza de Breogán a loitar. - Son guerreiros espartanos dispostos á loita.
O corvo	- Deseño de independencia e liberdade do bardo.
A andoriña	- Fai referencia a aspectos amables e doces.
A píllara	- É anunciadora da melancolía do bardo. - Representa a emigración.

→ A muller é vista desde tres ópticas distintas:

Desde o punto de vista *erótico-machista*, Pondal amosa unha virilidade primitiva, segundo a cal a muller é a presa do home e vese sometida ó furto amoroso sen posibilidade de negarse

Pilleina antre os pinos soa,
alba de medo tornou;
quixo fuxir, mais non pudo,
(que sabe qué peixe son). [...]

Desde o punto de vista *naturalista*, representa, con matices máis tenros, a muller-tipo da paisaxe bergantiñá: a «sinxela rapaceta», a «adolescente arelosa», a leiteira, a taberneira...

Meniña, rapaza nova,
ouh, rosa de Corcoesto,
que te brandeas con gracia
aos doces sopros do vento [...]

Desde a óptica *heroica e romántica* idealízase a muller. A heroína guerreira de orixe celta, a serea e a freira da tradición clásica, a fada... son algunhas das mulleres idealizadas.

Engañosa Morpeguite,
fada do doce mirar;
filla lixeira da brétoma,
de corpo leve e lanzal [...]



→ Outros personaxes recorrentes:

– O bardo. Este personaxe representa ao propio Pondal. A súa función é cantar os feitos pasados e motivar a xente para que loite por un porvir glorioso.

– Os guerreiros. Os seus nomes son de procedencia helénica (Leónidas...), celta (Breogán...) ou topónimos da zona de Bergantiños (Brandomil...). Aparecen caracterizados pola súa valentía, a fortaleza corporal, o espírito de sacrificio pola patria...



3. Lingua, métrica e estilo

Pondal baseouse na lingua popular da zona de Bergantiños: ditongo -ui- (nuite por noite), pretérito perfecto en -no (fono por foron)... Pero incorporoulle cultismos greco-latinos procedentes doutras linguas románicas. Así, o bardo de Ponteceso convértese no primeiro poeta galego moderno preocupado pola creación dunha lingua literaria culta.

A súa métrica é variada, aínda que pouco innovadora. Gustaba dos versos de entre sete e doce sílabas e as súas estrofas máis usadas eran a oitava real (dominante en Os Eoas), tercetos, cuartetos, romances...

O estilo de Pondal caracterízase pola reiteración. Así, ao longo dos seus poemas aparecen recorrentemente palabras, expresións e recursos. Entre estes últimos destacan:

—Os xa mencionados símbolos: (*os corvos* = liberdade).

—Os epítetos: *andoriñas errantes*, *rumorosa fonte*...

—A lítotes ou caracterización negativa: *ideas non grandes*...



—Os hipérbatos: *Tan só ti, soedade agreste, asilo es dos bardos digno!* → **Soedade agreste, tan só ti es asilo digno dos bardos!**